

ACONTECEMENTOS DO ANO

A redacción do *Anuario Brigantino* agradece a colaboración especial para este apartado dos corresponsais locais de *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *El Correo Gallego* / *O Correo Galego*, *Betanzos e a súa Comarca*, *El Periódico de las Mariñas Coruñesas* e *Mariñán*.

Sabela Baña. Gouache sin título, 46x60.
Mostra no Edificio Arquivo do 15 ó 30 de xaneiro de 2001

Estudios Blanco: César

Foto Arume

Xaneiro de 2001

A nosa comarca sufriu nos primeiros días deste mes un intenso temporal de auga e vento, que ocasionou inundacións, sendo os máis afectados os lugares de Roibeira, Barallobre, Martinete, Piñeiro e o Marulo. Varias familias illadas, moitas vivendas anegadas, e estradas cortadas ó tráfico foron algunhas das consecuencias do desbordamento dos ríos Mendo e Mandeo.

5 de xaneiro de 2001

Os Reis Magos de Oriente percorreron as rúas da cidade. A organización correu a cargo dos *Amigos da Cabalgata,* co patrocinio do Concello e a colaboración de diversas asociacións.

7 de xaneiro de 2001

Coa celebración dun baile para os xubilados, púxose punto final ós actos programados con motivo

18 de xaneiro de 2001

Visitaron a nosa cidade un grupo de actores e directores de cine, acompañados por D. José María Paz Gago, responsable do Servicio de Medios Audiovisuais da Universidade da Coruña e director das xornadas de cine de Betanzos. Foron recibidos na Sala Capitular do Concello polo Alcalde, D. Manuel Lagares e o Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira.

Estudios Blanco: César

20 de xaneiro de 2001
O Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares, entregoulle unha placa conmemorativa a Dª Petra Josefa Fernández Vázquez con motivo do seu centenario.

26 de xaneiro de 2001
Constituíuse neste día a *Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e a súa Comarca*. Esta nova asociación agrupa ás tres asociacións existentes: *Avibe*, *Roival* e *Asociación de Colleiteiros*. Como presidente foi nomeado D. José Antonio del Río Veiga. Os seus obxectivos son os de mellorar as condicións de producción e elaboración do viño e a recuperación de variedades autóctonas.

2-14 de febreiro de 2001
Puido visitarse no Edificio Arquivo unha exposición do ceramista de orixe arxentino e actualmente afincado en Betanzos, Luís Alberto Guevara. Na mesma sala de exposición o autor mostrou ó público as súas técnicas tanto en cerámica como en escultura.

7 de febreiro de 2001
O Alcalde, D. Manuel Lagares e o o Presidente da Fundación do Instituto de Estudios Políticos e Sociais, D. Antonio Campos Romay, firmaron un convenio de colaboración encamiñado á promoción da solidariedade, o debate e a participación cultural da sociedade.

11 de febreiro de 2001
Veciños da rúa Rosalía de Castro fixeron unha protesta na rúa pedindo a continuación dos traballos de urbanización do lugar.

16 de febreiro de 2001
Inaugurouse en Exposalnés (Cambados) unha mostra de pintura e gravado de Alfredo Erias.

El Ideal Gallego

16 de febreiro de 2001
Tivo lugar a inauguración no Colexio Sagrado Corazón dun taller ocupacional de lavandería, co obxectivo de buscar unha saída laboral ás alumnas con discapacidades psíquicas. O acto de inauguración correu a cargo do Arcebispo de Santiago, D. Julián Barrio Barrio, e nel estiveron presentes a Directora do centro, Dª Ana María Beortegui, o Conselleiro da Presidencia, D. Jaime Pita e o Alcalde, D. Manuel Lagares.

16-27 de febreiro
Ó longo destes días puido contemplarse no Edificio Arquivo unha exposición da pintora Caroline Leech.

22 de febreiro de 2001
Tivo lugar na igrexa de San Francisco unha actuación da Orquestra Sinfónica de Galicia dirixida por Víctor Pablo. Estivo acompañada polo coro masculino da RTVE dirixido por Mariano Alonso e interpretáronse obras de Chaikovski e Shostakovich.
24-28 de febreiro de 2001
Desenrolouse ó longo destes días o Programa de Festexos do Antroido elaborado polo Concello en colaboración coa Asociación de Hosteleiros. Bailes, atraccións para os nenos, concursos de disfraces, charangas, degustacións gastronómicas, rematando co tradicional enterro da sardiña.
1 de marzo de 2001
Púxose en funcionamento o Grupo Municipal de Intervención Rápida (GMIR) nas instalacións do Pasatempo. O seu establecemento foi posible por un convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e a Xunta de Galicia.
1 de marzo de 2001
A feira de gando que se celebraba neste día foi clausurada pola Consellería de Agricultura, impedindo a exposición e venda de animais debido á febre aftosa.

Estudios Blanco: César

1 de marzo de 2001
Na Sala Capitular do Concello tivo lugar unha recepción ós deportistas betanceiros máis destacados no ano 2000. Os premios este ano recaeron en nove corredores do *Club Ciclista Terrazos Riego* polas súas actuacións nos campionatos de Galicia e de España. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares e polo Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz.
4 de marzo de 2001
Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra de Óscar Wilde, *O retrato de Dorian Grai*, pola compañía *Uvegá Teatro*.

9 de marzo de 2001
O xornalista betanceiro, Xesús Fraga presentou na Librería *Donín* un libro de relatos, editado por Xerais e titulado *Tute para catro*. No acto interviñeron Tucho Calvo, Fran Alonso, O Mago Antón e as Cantareiras do Colectivo María Castaña de Lugo.

15-18 de marzo de 2001
O Concello de Betanzos a través da Concellería de Turismo, participou nestes días en *Turisport* dentro da Semana Verde de Galicia. Nela déronse a coñecer aspectos turísticos como a Semana Santa, Festa do Viño, a Feira Medieval e as Festas de Agosto.
17 de marzo de 2001
Visitou a nosa cidade o *Autobús da Lingua*, dentro dunha campaña de normalización lingüistica patrocinada pola Xunta de Galicia para promover o galego entre os máis novos.
17 de marzo de 2001
Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra de Dario Fo, *Parella aberta*, pola compañía de teatro *Balea Branca*.
21-30 de marzo de 2001
Ó longo destes días púidose contemplar na Sala de Exposicións do Edificio Arquivo unha mostra de pintura da artista betanceira Yanina Torres.
23 de marzo de 2001
Un centenar de gandeiros procedentes de varios puntos da comarca percorreron as rúas de Betanzos reclamando solucións á crise do sector. Ó remate concentráronse ás portas do Concello onde leron un comunicado.
23 de marzo de 2001
Tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación teatral da obra, *A vinganza de Don Mendo,* de Muñoz Seca, polo Grupo de Teatro do Club de Xubilados de Caixa Galicia.
24-31 de marzo de 2001
Desenrolouse ó longo destes días na Aula Municipal de Cultura o curso *A voz e o actor,* encamiñado á mellora dos recursos expresivos e interpretativos de monitores e actores de teatro. O curso foi organizado por *Casahamlet* e patrocinado pola Deputación Provincial.
Marzo de 2001
Un grupo de vinteseis alumnos de cuarto de ESO do Instituto de Bacharelato *Francisco Aguiar* de Betanzos, acadou o primeiro premio do Rally Matemático, *Sen Fronteiras,* organizado pola *Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática* e a *Asociación de Ensinantes de Ciencias de Galicia*. Nel tiveron que competir con outros 75 equipos de institutos de Galicia.

Estudios Blanco: César

27 de marzo a 15 de abril de 2001
Inaugurouse na Sala de Exposicións do Edificio Arquivo a mostra itinerante, *Música para ver*, organizada polo Concello en colaboración con Caixanova. Na mostra puideron contemplarse uns trescentos instrumentos representativos dos cinco continentes.

31 de marzo de 2001

Tivo lugar na gardería municipal *Cocofantes*, unha charla sobre a alimentación e o sono nos nenos, impulsada polas Consellerías de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude e Educación e Ordenación Universitaria, a través do *Programa Criar*.

1 de abril de 2001

Rematou a Liga de Fútbol de Peñas, proclamándose campión o equipo *Globo Tecno*, despois de gañar no último partido á *Magdalena* por dous goles a un.

2 de abril de 2001

Tivo lugar a inauguración dunha exposición de pintura e gravado de Alfredo Erias na Sala de Exposicións *Xosé Rey Lago* Museo dos Muíños, en Acea de Ama (O Burgo-Culleredo).

7-8 de abril de 2001

Estudios Blanco: César

Organizada polo Concello celebrouse a *II Feira do Queixo* que reuniu a 17 comerciantes da comarca que se viron superados pola demanda, esgotando as existencias o primeiro día. A festa gastronómica coincidiu co mercadillo de anticuarios e contou coa participación de grupos folclóricos como *Pasiño a Pasiño*, *As Garelas* e *Fiandola*, ademais dunha verbena. O primeiro premio ó mellor queixo fresco foi para, Dª María Luísa Vidal (de Abegondo). O primeiro premio para os semicurados foi para Dª María del Pilar Candal (de Ordes). O premio ó mellor posto foi para D. Aurelio Ángel Sánchez (de Aranga).

Estudios Blanco: César

9-14 de abril de 2001

Ó longo destes días viñéronse desenrolando os actos de Semana Santa, que deron comezo coa lectura do pregón pola directora do Departamento de Filoloxía Española e Latina da Universidade da Coruña, Dª Carmen Parrilla García, na igrexa de Santo Domingo. Os actos máis relevantes foron as procesións do *Vía Crucis, Santo Enterro* e *Os Caladiños*, nas que participou moita xente.

18 de abril de 2001

Tivo lugar no Edificio Arquivo unha reunión do Patronato da Fundación Comarcal, que conforman os representantes dos once concellos da comarca betanceira, que estivo presidida polo Alcalde, D. Manuel Lagares e o Secretario Xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal, D. Andrés Precedo Ledo.

25-29 de abril de 2001

Betanzos asistiu por primeira vez á Feira de Turismo de Oporto, na que mostrou un *posto* representativo da cidade realizado pola Escola Taller.



Abril de 2001

Dentro dunha política de restricción do tráfico no casco histórico da cidade, instaláronse estes días na Porta da Vila uns boiardos magnéticos. Na zona dos soportais colocáronse outros boiardos con cadeas que tamén delimitan o espacio para aparcar.

3 de maio de 2001

Faleceu neste día D. Moisés Cancio Sanjurjo, quen como Doutor en Menciña, exerceu en Betanzos e no Ambulatorio de San José da Coruña.. Foi un bo amigo e colaborador das nosas institucións culturais públicas, sobre todo do Arquivo Municipal. Desde aquí dedicámoslle esta lembranza agarimosa.

La Voz de Galicia. Estudios Blanco

Estudios Blanco: César

4-6 de maio de 2001

Celebrouse na avenida do Carregal a *XVI Edición da Festa do Viño de Betanzos*, que deu comezo coa lectura do pregón a cargo do Conselleiro de Agricultura, D. Juan Miguel Diz Guedes. Ano a ano, esta festa, organizada pola Asociación de Colleiteiros, confírmase coma unha das celebracións gastronómicas máis importantes da comarca.

Maio de 2001

O alumno do Instituto Francisco Aguiar, Adrián Veiga López, gañu a 1ª ed. do Concurso de Fotografía da Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática en Guitiriz.

Estudios Blanco: César

14 de maio de 2001

Na Sala Capitular do Concello foron recibidos un grupo de mestres romaneses e de Illa Reunión, que estes días visitaron Betanzos dentro do *Programa Comenius*, que está orientado á construcción da identidade europea. As xornadas estiveron organizadas polos profesores do Colexio Público Francisco Vales Villamarín de Betanzos que contaron coa colaboración dos concellos de Coirós, Paderne e Betanzos.

Estudios Blanco: César



15 de maio de 2001

Dentro do programa de actos elaborado polo Concello con motivo das Letras Galegas, na Sala de Exposicións do Edificio Arquivo inaugurouse a *VII Mostra Documental de Betanzos*, dedicada á orde pública, na que entre outras cousas, presentouse unha foto-cartel coa proclamación da Segunda República en Betanzos, así como o traballo titulado *Os Serenos: Historia e historias da Garda Municipal de Betanzos*, do que foron autores, Xulio Cuns e Xosé María Veiga.

17 de maio de 2001

Dentro da celebración das Letras Galegas, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura unha conferencia de Xulio Cuns sobre a vida e obra de Eladio Rodríguez González. Logo celebrouse un concerto de música galega a cargo da Coral Polifónica de Betanzos.

Estudios Blanco: César

19 de maio de 2001

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra *La vida es sueño* de Calderón, a cargo do grupo *Sarabela Teatro*.

22 de maio de 2001

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar unha conferencia de D. Miguel Castelo sobre Ánxel Fole e o paso da literatura ó cine. Posteriormente proxectouse a curtametraxe *O cadaleito*.

Estudios Blanco: César

22 de maio de 2001

Con motivo da festividade de Santa Rita, patrona dos funcionarios da Administración Local, o Alcalde en funcións, D. Antonio Lagares, entregoulles unha insignia da cidade ós funcionarios que se xubilaron neste ano, que foron: D. Guillermo Ares Barral e D. Francisco Faraldo Lata. Recibiu tamén un distintivo Dª Divina García Fuentes por levar vintecinco anos vinculada ó Concello.



23 de maio de 2001

O escritor Xabier López López recolleu na cidade de Ourense o Premio de Literatura Fantástica Risco 2001, outorgado polo Concello de Ourense. A obra presentada ó certame titulada *O caderno* ven de ser editada pola editorial *Sotelo Blanco*.

24 de maio de 2001

Dentro dos actos das Letras Galegas, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a presentación do libro titulado, *Os templarios: Artigos e ensaios*, do que é autor, Carlos Pereira Martínez. A presentación correu a cargo de Alfredo Erias Martínez, ó que seguiu unha conferencia do autor sobre o *Temple en Galicia*.



25 de maio de 2001

Organizado polo Concello e co patrocinio da Xunta de Galicia, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a actuación do grupo *Ardentía*.



Maio de 2001

Foi editado polo Museo das Mariñas un folleto informativo desta institución, que, de forma concisa, explica a súa historia e as distintas salas que nel se poden visitar.

Estudios Blanco: César

26 de maio de 2001

Organizado polo Concello celebrouse na Praza da Constitución o *IV Encontro de Bandas de Música*, que contou coa participación das Bandas de Bandeira e Burela, ademais da Banda Municipal de Betanzos.

26 de maio de 2001

Tivo lugar na igrexa de Santa María a presentación do libro *Acércate al Sagrario*, do que é autor o sacerdote, D. José Manuel Iglesias González.

27 de maio de 2001

Incluído dentro da programación do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais e coa colaboración do Concello, representouse na Aula Municipal de Cultura, *Rexurdimento, coplas dun cego,* pola compañía *Nove-Dous*.

31 de maio de 2001

Organizada pola Fundación Caixa Galicia, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación da obra *O pousadeiro*, de Carlo Goldini. Adaptada por Elena Seijo e Sabela Gago, foi interpretada polo grupo de teatro *Asubío*, do Centro de Maiores de Caixa Galicia de Ourense.

1-15 de xuño de 2001

Na Sala de Exposicións do Edificio Arquivo expuxo o pintor bergondés, Manuel Suárez de Concha.

Estudios Blanco: César



2 de xuño de 2001

Dentro do programa de actos elaborado polo Concello con motivo das Letras Galegas, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a presentación da edición facsimilar do primeiro libro de poesía en galego, publicado na postguerra en Galicia co título, *Brétemas Mariñás*, de Celestino Luís Crespo. Edición da obra poética completa do mesmo autor, estudio e edicións de Dª Concepción Delgado Corral. A presentación correu a cargo do profesor D. Xesús Alonso Montero.

8 de xuño de 2001
Alumnos do Colexio Vales Villamarín celebraron o *Día Mundial do Medio Ambiente* coa plantación dunha árbore no Parque do Pasatempo. Os escolares, que se viron sorprendidos pola choiva, contaron coa axuda do Alcalde, D. Manuel Lagares e do Concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente, D. Antonio Lagares.

Estudios Blanco: César

8 de xuño de 2001
Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar un debate sobre a saúde e as drogas, que foi organizado pola *Asociación Bernardo Miño*.

11 de xuño de 2001
Na Aula de Cultura de Caixa Galicia tivo lugar a presentación da revista *O Poxigo*, editada pola *Asociación Gastronómica, Cultural e Deportiva Fonte de Unta*.

Xuño de 2001
A moza betanceira, María Isabel Panisse Deive obtivo o Premio Extraordinario de Bacharelato, outorgado pola Xunta de Galicia.

Estudios Blanco: César

15 de xuño de 2001
O alcalde D. Manuel Lagares presentou na Sala Capitular do Concello o *II Congreso de Pequeñas Ciudades Españolas*. No acto estivo acompañado polos Alcaldes de Cuellar, D. Octavio Cantalejo e de Peñafiel, D. Felix Martín, que organizaron conxuntamente a primeira edición.

17-30 de xuño de 2001
A Sala de Exposicións do Edificio Arquivo albergou estes días unha mostra do escultor Urza, na que o barro e o papel foron os protagonistas.

18 de xuño de 2001
Un grupo de vándalos rompeu pola metade o cruceiro da Cruz Verde, onde se celebra cada ano o Día de Galicia.

Estudios Blanco: César

20 de xuño de 2001

Na Sala Capitular tivo lugar a presentación da *I Semana Internacional de Cine de Betanzos*, enmarcado dentro do IV curso de verán da Universidade da Coruña. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares e contou coa presencia de D. José Mª Paz Gago, Director do Curso, Dª Isabel Torrente, do Departamento de Audiovisuais da Universidade da Coruña, D. Vicente Iglesias Martelo, representante da Fundación Caixa Galicia e D. Santiago Cobián, Delegado para Galicia de Vía Digital.

22 de xuño de 2001

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar a entrega do premio *Protagonistas del mañana*, instituído polo *Rotary Club* que premia os valores humanos e sociais dun xove que curse estudios nun centro de ensinanza de Betanzos.O premio recaeu na moza bergondesa, Laura Fragua Rilo. No acto estiveron presentes os alcaldes de Bergondo, Coirós, Paderne e Betanzos.

Estudios Blanco: César

29-30 de xuño de 2001

Emma Couceiro e Xosé Luís Sobrino participaron nestes días no I Festival da Terra e da Lingua de Narón, onde recitaron varios poemas da súa autoría.

30 de xuño de 2001

Como introductor da festa medieval, na praza da Constitución tivo lugar un desfile de traxes medievais, que mostraron numerosas vestimentas dos distintos estamentos sociais.

1 de xullo de 2001

Neste día comezou a funcionar a nova piscina municipal descuberta do Carregal, construida por medio dun plan da Deputación Provincial. As novas instalacións completan as infraestructuras deportivas do municipio.

3 de xullo de 2001
Na Praza de Santa María, o Alcalde, D. Manuel Lagares presentou o Programa da *IV Feira Franca Medieval*. No acto estivo acompañado de varios membros da Corporación e da organización da feira, todos ataviados con traxes medievais.

5 de xullo de 2001
A Asociación de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca, organizou unha cata de once viños novos pertencentes a seis bodegas de Betanzos. A mellora da calidade observada nos últimos anos, anima a este sector de cara á consecución da Denominación de Orixe.

6-8 de xullo de 2001
O casco histórico da cidade foi protagonista estes días por acoller a celebración da *IV Feira Franca Medieval*, que contou como ven sendo habitual cunha ampla participación de tódolos cidadáns e con gran afluencia de visitantes.

Estudios Blanco: César

As rúas da cidade, engalanadas para a ocasión, tiveron un completo programa de actividades que incluían danzas gremiais, revoltas irmandiñas, música medieval, malabaristas, queimas de bruxas, expulsión dos leprosos, poxas públicas, caza do xabarín, batalla das figueiras, torneos, cantares de cegos, etc.
A feira deu comezo coa representación dun saúdo entre o Conde de Andrade e o Alcalde, para a continuación dar lectura ó pregón Dª Olga Patiño.

PREGÓN DA IV FEIRA FRANCA MEDIEVAL

Coa benia e licencia do Señor Correxedor a quen Deus garde moitos anos, Reverendísimo Señor Arcipreste, rexedores e veciños, quixera ter a oportunidade, denantes de dar *lectura* ó pregón, de agradecer ó Concello de Betanzos na figura do seu alcalde: Ilustrísimo Sr. Don Manuel Lagares Pérez, que tivo a ben chamarme para ler o pregón desta "IV Feira Franca Medieval" [a primeira do novo milenio].

Estar neste acto e ter a oportunidade de dirixirme ós veciños de Betanzos é para min unha honra que agradezo profundamente. Esta cidade forma parte da miña equipaxe. Dende hai algúns anos é moito máis co lugar onde desenvolvo o meu traballo.

En Betanzos tiven a oportunidade de coñecer a persoas que enriqueceron enormemente o meu círculo de amizades. Tamén tiven a ocasión de colaborar na dinámica cultural, que nunca falta nesta fermosa *cidade*.

Sen embargo en honor a verdade teño que dicir que moitos anos antes de chegar aquí como unha traballadora máis, xa coñecía o feitizo destas rúas, o son rouco dos vermellos atardeceres, en definitiva, Betanzos xa me tiña engaiolada pola súa harmónica beleza.

Hoxe é un día importante para todos os que nos atopamos aquí.

O teatro é imitación da vida, transmisor de ideas, espertar de conciencias. Esta Feira Franca Medieval,

Estudios Blanco: César

merced que foi concedida por Enrique IV de Trastámara, firmada en Cuéllar o 3 de xullo de 1467, é unha grande representación teatral.Unha festa comunitaria, preto das raíces máis fondas e populares. É un feito colectivo, que nos fai revivir conductas dos nosos antergos.

Mergullémonos no tempo pasado, nesta hora máxica, deixémonos levar pola *diáfana* voz dos ancestros, vaiamos na procura deles ó lonxano século XV que hoxe nos envolve. Sigámo-lo eco desas voces arroupadas pola *preguizosa* luz do serán.

Teñamos os sentidos afiados e predispostos para que non se *volatilicen* a luz e o latexar daquel lonxano século: a vida social, relixiosa, comercial, guerreira e política.

Se o teatro ten encanto, hoxe, ese feitizo convértese en algo tanxible. Betanzos non precisa de todas estas cores para amosa-la súa beleza; esta cidade é fermosa espida, sen adobíos, pero tamén é certo que esta magnífica escenografía é a axeitada para introducirmonos nesta prodixiosa ollada a un tempo pasado.

Témo-lo privilexio de non precisar para esta representación que é a "IV Feira Franca Medieval" un decorado de cartón-pedra; que mellor tremoia e ornamentación co pálpito destas pedras centenarias, auténticas como as valentes xentes de Betanzos.

Estudios Blanco: César

Misturémonos todos nesta gran festa de cores, arrecendos e sons ancestrais que esvaran polas rúas. Xuntémonos sen vasalaxe, coa cordialidade e o sorriso da solidariedade. Botemos unha ollada ó espello da historia, que nos sirva de guía, de reflexión para manternos no camiño da xustiza e que nos sirva tamén de exemplo para non caer nos erros do pasado.

Esta vila e as súas xentes son un modelo de que a xentileza como sinónimo de gallardía nace con un; e ó traveso do tempo, de séculos neste caso, non se perde.

Estudios Blanco: César

Betanzos nace no lonxano século XIII por iniciativa dos seus poboadores e a sanción do rei Alfonso IX de León. Acadando o tratamento de cidade no século XV.

Un pobo que garda a memoria viva do que foi séculos atrás, unha cidade cuios rexedores e habitantes teñen esta sensibilidade, ten que ser necesariamente berce de poetas e artistas, de mulleres e homes de ben, fachendosos da súa orixe.

Betanzos é un pobo que tivo a suficiente coraxe para conseguir modifica-los límites do seu destino: cambia-la historia.

Chisquémo-lo ollo ó tempo. Convirtámonos por uns días en cómplices dos devanceiros; que cada un de nos desenvolva coa dignidade precisa a personaxe que elixíu.

Estudios Blanco: César

Betanzos por arte de maxia recupera o aspecto que tiña na Idade Media. Degustemos intensamente as emocións e sensacións que retornan do pasado, escoitemos as mil voces e latexos dos ancestros, consigamos que non sexan meras voces desdebuxadas polo tempo. A memoria colectiva emerxe, deixémoslle o espacio que lle pertence.

Hoxe, nesta longa peza teatral, un século escuro e luminoso rodéanos; chegado a este punto *a cor faise luz*, entón calquera soño pódese facer realidade.

Estamos no século XV, nunha cidade encantada que pendura do tempo.

¡Betanceiros, país mariñán, xentes que vides de fóra: O pano érguese, dá comezo a función. Paz, felicidade e divertimento para todos!.Moitas gracias.

Olga Patiño Nogueira

11 de xullo de 2001

O Alcalde, D. Manuel Lagares e o Presidente da Asemblea Comarcal de Cruz Vermella, D. Juan Suárez Barros asinaron na Casa Consistorial un convenio de colaboración entre as dúas institucións para mellorar as prestacións sociais na comarca brigantina.



Estudios Blanco: César

Estudios Blanco: César

12-15 de xullo de 2001

Celebráronse estes días no Colexio Nosa Señora do Sagrado Corazón un Encontro Nacional de mozos enfermos de Crohn e colitis ulcerosa. Os asistentes foron recibidos polo Alcalde, D. Manuel Lagares, na Sala Capitular do Concello.

17 de xullo de 2001

Na igrexa de San Francisco tivo lugar a actuación da Orquestra Xove da Sinfónica de Galicia, dirixida por James Ross. O concerto foi organizado pola Delegación de Cultura e Deportes do Concello.

Estudios Blanco: César

24 de xullo de 2001

Na Sala Capitular tivo lugar unha recepción ás agrupacións participantes no *Festival Internacional de Folclore*. O acto estivo presidido polo Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira, e contou coa presencia da Concelleira, Dª Ofelia López Campos e da Directora da Escola Municipal de Folclore, Dª Elena Díaz Blanco.

Estudios Blanco: César

24-27 de xullo de 2001

Desenrolouse ó longo destes días na Aula Municipal de Cultura a *I Semana Internacional de Cine de Betanzos* dedicada ó director José Luís Garci. Enmarcada no cuarto curso de verán organizado pola Universidade da Coruña en colaboración co Concello, o evento contou coa participación do propio Garci e de diversos profesionais do cine, críticos e historiadores como Fernando Guillén, Agustín González, Juan Cobos, Luís María Delgado, Beatriz Santana, Concha Gómez, Lourdes Orduña.... Os coloquios complementáronse con proxeccións de varias das súas películas na mesma Aula de Cultura, Cine Alfonsetti e no Centro Galego de Artes da Imaxe.

O director aproveitou a súa estancia para asinar no libro de ouro da cidade na Sala Capitular do Concello, onde foi recibido polo Alcalde D. Manuel Lagares.

25 de xullo de 2001
Pola Xunta de Galicia foille concedida a *Medalla de Prata de Galicia* á Farmacia Doctor Couceiro Serrano polo seu traballo desenrolado de modo ininterrompido ó longo de tres séculos no seo da mesma familia. A medalla foille entregada a Dª María Luísa Couceiro por D. Manuel Fraga.

Estudios Blanco: César

25 de xullo de 2001
No Cruceiro da Cruz Verde tivo lugar a tradicional homenaxe da Corporación Municipal a tódolos que deron a súa vida por Galicia. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares.

3-12 de agosto de 2001
Ó longo destes días desenrolouse no claustro do Museo das Mariñas o *Ciclo de Música Verán 2001*, organizado pola Delegación de Cultura e Deportes do Concello e patrocinado pola Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia. Participaron os grupos: *Campo de Estrelas*, *Evangelista Trío*, *Cuarteto Mannheim*, *Ballet Ballanchine*, *Grupo Evocación*, *Fiandola* e *Cuarteto Moriatov*.

Estudios Blanco: César

3 de agosto de 2001

Na Sala Capitular do Concello foi presentado oficialmente o programa de *Festas Patronais San Roque 2001* polo Alcalde, D. Manuel Lagares. O cartel foi realizado por Luís Galán.

Estudios Blanco: César

7 de agosto de 2001

O Alcalde, D. Manuel Lagares recibiu na Sala Capitular ós nenos saharauís que participan no programa *Vacacións en Paz*, que foron acollidos por familias de Betanzos.



12 Agosto de 2001

Foi inaugurada no Edificio Arquivo unha mostra titulada *Recordos do fútbol betanceiro*, na que estaban expostas máis de seiscentas fotografías recollidas por D. Antonio Pena.

13 de agosto de 2001

No convento de San Francisco celebrouse o *Concerto Cidade de Betanzos*, coas actuacións da Agrupación Carlos Seijo, Coral Polifónica e a Banda Municipal de Música.

14 de agosto de 2001

Na Praza da Constitución, o Alcalde, D. Manuel Lagares, coroou á Raíña das Festas, a fermosa moza brigantina, Yanina Torres Tuirán. Seguidamente desde o balcón da Casa Consistorial tivo lugar a lectura do pregón, que este ano correu a cargo do poeta Miguel Anxo Fernán-Vello. A continuación, despois do *garelazo* e da solta de pombas, houbo unha recepción ás autoridades e personalidades invitadas.

Fíxose entrega dos premios da *Primeira Bienal de Rehabilitación e Ornamentación de Vivendas*, organizada coa finalidade de potenciar a restauración e conservación de vivendas do casco histórico. O primeiro premio en rehabilitación foi para o número oitenta da Rúa do Valdoncel, propiedade de D. Agustín Novo Barreiro. O segundo premio, para Dª María Concepción Corral Durán. O premio de Ornamentación e Conservación foi compartido pola a casa número seis da Rúa Travesa e o número dous da Praza de Domingo Etcheverría de D. Jaime Rey Prieto e de D. Juan García Torres. O segundo premio de Ornamentación foi para Dª Josefa Chas Rodríguez.

Faraldo

Faraldo

Faraldo

Pregón das Festas

Señor Alcalde de Betanzos, señoras e señores membros da Corporación municipal, veciñas e veciños desta nobre cidade, amigas e amigos todos:

Síntome altamente feliz estando entre vós para pregoar aos catro ventos estas primeiras festas de Betanzos do novo século e do novo milenio. Sendo Betanzos, como é, unha das máis antigas cidades non só de Galiza senón de Europa -cando chegaron os romanos estas terras vosas xa estaban habitadas-, saudar o paso do tempo con solemne cumprimento semella boa maneira de vernos na vida, vindo como vimos do pasado e proxectándonos libremente no futuro. Porque estas festas de San Roque son tamén, tendo tanta historia detrás, incesante fonte cívica e emblema popular da vosa puxanza e da vosa enerxía, da vosa capacidade como «pobo no tempo» que sabe celebrar a vida con alegría e con espírito optimista, abríndolle as portas á luz do porvir e enaltecendo o pracer individual e colectivo de existir.

Arume

As festas patronais de Betanzos son «festas maiores» entre todas as que se celebran ao longo e ao ancho do país: maiores pola súa entrañábel raiceira popular, maiores pola súa dimensión espectacular e xubilosa, maiores pola súa creatividade orixinal recoñecida xa en todo o mundo. A elevación do Globo de Betanzos, que data do ano 1814, e a Romaría dos Caneiros, que xa se realizaba no ano 1889, son realidades e símbolos felices que vós, o pobo de Betanzos, soubestes cultivar e universalizar extraordinariamente. Fúndense nas festas de Betanzos a perfección e a felicidade da esfera que ascende ao ceo -porque o globo simboliza, sabédeo ben, a alma de Betanzos na beleza, na liberdade e na eternidade- coa viaxe fluvial e dionisíaca Mandeo arriba, banquete para os corpos do «eros» colectivo que celebran o encontro coa natureza, porque Os Caneiros son un canto ao gozo de vivir na república dos sentidos e nesa experiencia única, nese ágape festivo, como deixou escrito o gran Uxío Novoneyra, «comemos e bebemos prá ledicia»: e é a festa consumada en todos nós como unha sorte de «comuñón» que só o deus Mandeo é capaz de facernos sentir.

Que fermoso é, miñas señoras e meus señores, miñas amigas e meus amigos, vivir as festas de Betanzos con sentimento de orgullo e de franqueza, sabendo afirmar a identidade betanceira, sendo tolerantes e solidarios, facendo gala da sabedoría do bo humor; cultivando esa elegancia mariñán, tan característica, que as betanceiras é os betanceiros facedes brillar como marca da casa.

Eu, que son un namorado de Betanzos, das súas rúas entrañábeis e entrañadas no tempo; das súas fermosas casas de galería e balconada que enternecen a vista, da luz que se espella no Mendo e no Mandeo para se fundir nas brisas mainas e iluminadas da ría; dígovos, amigas e amigos, que Betanzos é unha patria central da beleza do mundo. Cidade agarimada por augas nutricias e fecundantes, rodeada de verdes campos productores dos mellores froitos da terra; Betanzos de nós, sobre o milenario castro celta de Untia; Betanzos o Vello, de Tiobre, onde o rei de Galiza, don García, hai case doce séculos, tivo a súa corte; Betanzos na historia humana e material: labregos e cabaleiros, comerciantes e mariñeiros, artesáns e traballadores, homes e mulleres que souberon manter a personalidade desta capital galega, o seu espírito xeneroso e aberto, o seu grandioso patrimonio cultural e arquitectónico.

E permítanme, chegados a este intre, que eu celebre en Betanzos, coa máxima ledicia, a súa fidelidade sabia e sensíbel á nosa cultura, ás nosas raíces como pobo, ao noso idioma. Xa deixou escrito Manuel Murguía, referíndose a Betanzos -e isto non se adoita citar-, que «baixo estes ceos cheos de luz e claridade é onde se fala con máis corrección e é máis rico o noso docísimo idioma». E isto, textualmente, afirmábao don Manuel Murguía, o primeiro presidente da Real Academia Galega, na súa magna obra titulada *Galicia* e publicada en Barcelona no ano 1888.

Betanzos e as súas terras, as súas aldeas e parroquias, son un libro aberto no cal palpita a beleza maior e milenaria das nosas voces e dos nosos nomes, dunha rica toponimia betanceira que é antiga e requintada memoria comunal e mostra da semente e da flor do noso idioma. E velaí, como se dun poema se tratase, a música dos nomes destas vosas terras betanceiras que eu poño no máis alto:

Faraldo

As Abelares, Requián, O Martinete, Tiobre,
A Ponte Vella, Xanrozo, Montellos e Barallobre.
O Farragoto, O Cepiño, os Tabaques, Touriñao,
Vila de Suso, Piñeiro, As Pontellas e O Barral.
O Marulo, Piadela, Bravío, Braxe, A Roibeira,
O Pontillón e Guiliade, As Viñas, e Campodeira.
A Xerpe, Illobre, Viúxe, As Casas Novas, Caraña,
San Paio, Acea, A Infesta, Vista Alegre, Gas e A Graña.

Miñas amigas e meus amigos, deixádeme que vos diga que esta marabilla da fala representada neste nomes dos lugares betanceiros -e ben sei que non están todos os que son- é un tesouro vivo que nos identifica, que nos fai ser nós mesmos, cidadáns de Betanzos e de Galiza, fieis á nosa historia e á nosa estirpe, netos e netas dos avós devanceiros que sustentaron no noso sangue a condición fermosa e intelixente da sensibilidade e do amor polo propio. Eu pídolles ás nenas e aos nenos de Betanzos, ás súas nais e aos seus pais, que non esquezan de onde vimos e que terra pisamos. Cultivade o noso idioma, erguédeo nos vosos corazóns e sentide a súa música que vén de tan lonxe e que está aquí, entre nós, agora mesmo, cando a festa abre as súas portas e entramos todos, o pobo de Betanzos e os seus convidados e amigos, no gran templo da ledicia, do folguedo, do divertimento e da amizade.

Eu sei que Betanzos, o Betanzos de hoxe, camiña con paso firme cara o futuro. Capital da comarca que leva a seu nome, rexión natural e histórica de Galiza e capital tamén desta república afectiva e cordial que son as Mariñas coruñesas, Betanzos sabe estar no seu tempo e ollar cara adiante pondo en valor de segura confianza o seu carácter progresista e galeguista, o seu desenvolvemento social e económico, a protección do seu patrimonio artístico e cultural; en definitiva, a vida mesma das betanceiras e dos betanceiros que constrúen día a día esta historia de convivencia e de progreso que conflúe na vella e sempre nova cidade de Betanzos.

Vaian aquí, amigas e amigos todos, os meus mellores desexos de paz e xúbilo para todas e todos vós nestas festas que hoxe comezan. Que brille por riba de todo a alegría de vivir e se manteña sempre acesa a chama da irmandade e da confraternización. As portas do Cristo, da Ponte Nova e da Ponte Vella están francas e as pontes sobre o Mendo e o Mandeo están libres para que veñan tamén os «betanceiros» de fóra, os que admiran e queren a esta cidade, os que se senten festeiros e romeiros neste corazón luminoso das Mariñas. Que estas festas de Betanzos, no emblemático ano no que

Fersal

estamos, sexan un canto á vida futura, a unha vida de progreso e de benestar para todos vós. Que estas festas betanceiras sexan tempo para o encontro e a palabra, para o desfrute do viño e as viandas (¡adiante con ese viño de Betanzos, que ten a orixe ben gañada!), e que estas festas sexan, un ano máis, as mellores festas do mundo: onde o mundo se chama Betanzos e onde Betanzos exalta e celebra o seu ser, a súa magnífica e feliz existencia que é tamén, miñas amigas e meus amigos, sexa por moitos anos, a vosa magnífica e feliz existencia.

¡VIVAN AS FESTAS DE BETANZOS! ¡VIVA O POBO DE BETANZOS!

Miguel Anxo Fernán-Vello

15 de agosto de 2001

Na Praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da Raíña Infantil das Festas, a fermosa rapaciña Paula Ramos Picado, que recibiu a coroa de mans do Alcalde, D. Manuel Lagares. Acto seguido, Antonio Lagares Abeal deu lectura ó Pregón Infantil.

Arume

Función do Voto

(16 de agosto)

SEÑOR SAN ROQUE

Desde hace casi seis siglos, el pueblo de Betanzos te dedica lo mejor de sus fiestas y tradiciones, para recordar la colaboración y la protección que nos prestaste cuando la peste y la enfermedad nos asolaba. Y es que tu extraordinaria generosidad te hizo traspasar las fronteras francesas de la Ciudad de Montpellier, de donde eres natural, y ayudarnos a superar tan difíciles momentos. Es por ello que, a partir de 1416, la Ciudad de Betanzos, la más antigua de Galicia, renueva una tradición que hunde sus raíces en la época medieval y que, con un sentimiento agradecido, te traslado una vez más en nombre de todos los ciudadanos.

Fersal

Nuestra débil condición humana necesita cada año de tus favores y protección. Y dado que en estos días festivos la singularidad de los festejos y la divertida compañía de familiares y amigos, nos produce una mayor alegría, te pido que contribuyas a ella con Tu solidaria mediación que siempre tuvimos. Y es que el mundo está lleno de dramas y de escenas violentas que carecen de sentido. Ayuda a reparar estas injusticias y termina con la violencia que tenemos en nuestro país, agitada por una banda terrorista que trunca muchas vidas y llena de tristeza a millones de seres humanos.

Contribuye a buscar la Paz en el Mundo y de forma concreta entre Isarael y Palestina, para que dejen de correr ríos de sangre y Tierra Santa sea un lugar de encuentro para todos. Protege a las personas más débiles y ayuda a los enfermos para superar sus carencias y sus males. Y presta especial atención a las personas mayores que, después de entregar los más importantes esfuerzos en construir el Mundo en el que vivimos, se ven muchas veces marginadas en una soledad que no mercen.

SEÑOR SAN ROQUE, como siempre confiamos en Ti como magnífico Protector de Betanzos y una vez más, a través de esta humilde presentación, pido Tu ayuda para todos los betanceiros y de forma especial para todos aquellos más desprotegidos con la confianza de que nos ayudarás como siempre lo hiciste. Que así sea.

MANUEL LAGARES Alcalde de Betanzos.

Foto: Alfredo Erias

16 de agosto de 2001

Como tódolos anos, ás doce da noite, saíu da torre de Santo Domingo o Globo de San Roque, que realiza a familia Pita desde o s. XIX. O globo, o máis grande do mundo construído en papel, sucou

de novo o ceo de Betanzos coa admiración do numeroso público asistente que o seguiu ata perdelo na noite. Este ano caeu no río Mandeo, entre os concellos de Aranga e Coirós, a uns vinte quilómetros de Betanzos.

16 de agosto de 2001

O Racing de Ferrol foi xusto vencedor do Trofeo San Roque, derrotando ó Betanzos C.F. por tres goles a cero no Estadio García Irmáns.

Estudios Blanco: César

18 e 25 de agosto de 2001

Como é tradicional, foron miles de persoas as que se acercaron ó Campo dos Caneiros para gozar desta orixinal romaría. As medidas de seguridade no río anunciadas polas autoridades motivaron que o número de embarcacións participantes fose menor que noutros anos.



El Ideal Gallego

18 de agosto de 2001

No Estadio García Irmáns tivo lugar un encontro amigable de fútbol entre o Deportivo da Coruña e o Betanzos C.F. O resultado, meramente anecdótico, inclinouse por catro goles a cero para o Deportivo.

20 de agosto de 2001

Organizadas pola asociación *Bicis Por la Paz* celebráronse na Ponte Vella as tradicionais cucañas de auga, con divertimentos como pasar polo pao ensebado ou a solta de parrulos.

28 de agosto de 2001

O Alcalde, D. Manuel Lagares acompañado do Delegado de Turismo, D. Andrés Beade, presentou no Edificio Arquivo unha Guía de Betanzos realizada pola Editorial Deprisa con textos de Isabel Latas.

Estudios Blanco: César

1 de setembro de 2001
Na Praza da Constitución tivo lugar a representación da obra *A noite*, polo grupo de teatro *Os Quinquilláns*.

El Ideal Gallego: Fran Moar

1-15 de setembro
Nestes días na sala de exposicións do Edificio Arquivo puido contemplarse unha mostra de pinturas de Marina Manso, onde aparecían reflectidos maioritariamente rincóns típicos da nosa cidade.

Estudios Blanco: César

5 de setembro de 2001
O Alcalde, D. Manuel Lagares e o Presidente do Centro Internacional de Estampa Contemporánea, D. Jesús Núñez, asinaron neste día un convenio de colaboración para a mellora de infraestructuras na sede actual do centro.

Estudios Blanco: César

6-23 de setembro de 2001
No Edificio Arquivo tivo lugar a exposición *O traxe e os costumes*, obra da artesá Dª Magdalena Bringas. Máis de 200 monecas ataviadas cos seus respectivos traxes así como miniaturas e varios aparellos representando escenas da vida tradicional galega conformaron esta mostra.

8 de setembro de 2001
Miles de persoas chegadas de toda a comarca reuníronse na tradicional romaría dos Remedios para acompañar á Virxe.
Setembro
Causou sorpresa na cidade a noticia do traslado do sacerdote D. Manuel López Castro, despois de trinta e tres anos vinculado á nosa cidade onde ademais das labores relixiosas participou tamén activamente en distintas actividades culturais entre as que cabe destacar as relacionadas coa Coral Polifónica de Betanzos e a instalación do Belén móbil. De tódolos xeitos, e aínda que non continúa coas súas funcións, D. Manuel decidiu permanecer na cidade.

Estudios Blanco: César

25 de setembro de 2001
O Alcalde, D. Manuel Lagares recibiu na Sala Capitular do Concello unha delegación do *Rotary Club* de Italia que estivo realizando un estudio da arquitectura románica no Camiño de Santiago.

Estudios Blanco: César

27 de setembro de 2001
Na Sala Capitular do Concello presentouse o Anuario Brigantino, nº 23. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares a quen acompañaban diversos membros da Corporación municipal,

entre eles o Delegado de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira, así como o Director da publicación D. Alfredo Erias. A presentación correu a cargo da Catedrática de Literatura Española da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña, Dª Carmen Parrilla García.



29 de setembro de 2001

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a presentación dun facsímile do libro *Homenaxe ós mártires de Betanzos*. O acto estivo inscrito dentro do *O I Congreso internacional do Exilio Galego* celebrado en Santiago, e organizado polo Consello da Cultura Galega.

Setembro de 2001

Neste mes comezaron as obras de consolidación dos elementos arquitectónicos que conforman o Estanque do Retiro no Pasatempo. Estas melloras foron posibles por un convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello.

El Ideal Gallego: Oscar Izquierdo

1 de outubro de 2001

O Alcalde, D. Manuel Lagares recibiu na estación do ferrocarril de Infesta ó Ministro de Fomento, D. Francisco Álvarez Cascos e ó Presidente da Xunta de Galicia, D. Manuel Fraga. O motivo da súa presencia foi a de inaugurar as obras de mellora da vía do tren en varios dos seus tramos.

1-14 de outubro de 2001

Ó longo destes días puido contemplarse na sala de exposicións do Edificio Arquivo unha exposición de acuarelas de José Benito Dávila.

16-28 de outubro de 2001

Ó longo destes días celebráronse na Aula Municipal de Cultura as *III Xornadas de Rutas do Mundo*, organizadas polo Concello de Betanzos e coordenadas por Xabier Ares *(Japy)*. Nas mesmas participaron os escaladores Celso Martínez *Finuco* e Josechu Jimeno, os aventureiros Ricardo Hernández e Ramón Larramendi, a antropóloga Dª Luzia Fernández, así coma o grupo musical *Batuko*



Tabanka. Completaron as xornadas varios vídeos, contacontos, concertos, un pequeno planetario para os nenos, exposición de fotografías e sorteos de material de montaña.

Outubro de 2001
Estívose levando a cabo neste mes unha limpeza das fontes e cruceiros de Betanzos, dentro do *Plan 2000 de Recuperación da Arquitectura Popular* da Deputación Provincial.

17-18 de outubro de 2001
O Mandeo inundou varias casas e baixos comerciais da Ribeira debido ás fortes chuvias e ás mareas vivas.

El Ideal Gallego: Teresa Pérez

21 de outubro de 2001
Tiveron lugar as eleccións autonómicas. O Concello de Betanzos tivo os seguintes resultados: PP, 3.314; PS de G-PSOE, 2.216; BNG, 1.367; Outros, 155.

19 de outubro de 2001
O lugar de Sarra tivo un estraño visitante procedente do Ártico. Tratouse dunha foca, que seguramente arrastrada polas mareas vivas destes días se adentrou polo Mandeo. Foi trasladada ó Centro de Recuperación de Fauna Salvaxe de Oleiros.

Outubro de 2001
Levouse a cabo estes días unha limpeza das canles dos ríos Mendo e Mandeo na zona comprendida entre a Ponte Vella e a Ponte do Carregal.

24 de outubro de 2001
Na igrexa de San Francisco tivo lugar un concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia, que dirixida por James Ross, con Carmen Subrido como soprano e Joseba Carril como baixo, interpretou obras de Mozart, Bach e Haydn.

25 de outubro de 2001
Abriuse este día o Rexistro Municipal de Unións de Feito, para parellas ou persoas que conviven xuntas. Esta medida foi adoptada despois de ser aprobada por unanimidade no Pleno do Concello.

28 de outubro de 2001
Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra *Policía,* de Slawomir Mrozek. A representación correu a cargo do grupo de teatro *Ollomoltranvía*, coa dirección de Cándido Pazó.

31 de outubro de 2001
Na noite deste día un cortocircuito ocasionou un incendio e destrozou unha das naves da Fábrica de Terrazos Riego de Betanzos.

Novembro de 2001
Neste mes deron comezo varios cursos patrocinados polo Concello: traballos en coiro, graffitis, gravados, cestería, ximnasia de mantemento, cociña, guitarra, bailes de salón, terapia funcional, aerobic, manualidades, restauración, corte e confección, así como a apertura da Escola Municipal de Teatro Casahamlet.

7 de novembro de 2001
Dentro da campaña *Cine Galego en Galicia*, organizada pola Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual para promocionar o cine galego, tivo lugar no Cine Alfonsetti a proxección de varias curtametraxes. A el asistiron convidados os alumnos de bacharelato do Instituto Francisco Aguiar e os de Formación Profesional de Betanzos.

14 de novembro de 2001
Tivo lugar a firma dun convenio entre a Deputación Provincial e o Concello de Betanzos, polo que a entidade provincial concedeu cinco millóns de pesetas para gastos de organización do *II Congreso de Pequeñas Ciudades Españolas*.

16-18 de novembro de 2001

Celebrouse ó longo destes días no Edificio Arquivo o *II Congreso de Pequeñas Ciudades Españolas: Autonomía Local y Desarrollo Territorial*, organizado polo Concello de Betanzos en colaboración coa *Federación Galega de Municipios e Provincias*, *Federación Española de Municipios y Provincias e* os concellos de Cuéllar e Peñafiel. O congreso reuniu a uns douscentos alcaldes e representantes municipais de toda España que reivindicaron o papel dos pequenos concellos como cidades de futuro. A financiación das corporacións locais e a conservación do patrimonio e dos bens culturais foron outros dos temas tratados. As conclusións foron remitidas á SM o Rei D. Juan Carlos, Presidente de Honra do Congreso, ó Ministerio de Administracións Públicas e ós gobernos das distintas



Estudios Blanco: César

comunidades autónomas. No acto de inauguración estiveron presentes o Conselleiro da Presidencia, D. Jaime Pita Varela, Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. José Luís Torres Colomer, Director Xeral de Administración Local da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, D. Alfonso Rueda de Valenzuela, Vicepresidente do Consello de Administración de Caixa Galicia, D. Luís Asorei García, Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares e o Concelleiro de Cultura e Deportes do Concello de Betanzos, D. Francisco Díaz Pereira.

Conclusiones

«1.- Teniendo en cuenta que los Fondos Estructurales son un conjunto de Instrumentos Financieros puestos en práctica por las Instituciones Comunitarias, y que tienen como misión corregir los principales desequilibrios regionales dentro de la UE, sería interesante que las Entidades Locales, bien de forma aislada o de cooperación, dependiendo de los medios existentes, pudiesen disponer de un equipo de gente especializada destinada a la realización de proyectos cuyo fin sea captar estos recursos económicos.

2.- Es imprescindible que se pase ya de la palabra a los hechos y, que la distribución del gasto público, considerado por todos los grupos de 50-25-25 se materialice; superando, de esta forma, los Ayuntamientos el 12-13% que perciben actualmente, hasta alcanzar el 25% con el fin de poder cubrir la demanda ciudadana.

Estudios Blanco: César

3.- Necesitamos que las Comunidades Autónomas culminen el proceso de descentralización en aquellas competencias que por el principio de subsidiaridad deben recaer en los Ayuntamientos. Cedíendolas con las partidas económicas que garanticen su mejor prestación o funcionamiento.

Estudios Blanco: César

4.- El Pacto Local debe ser un acuerdo de los partidos políticos que se traslade a todas las Comunidades Autónomas, a fin de evitar que existan Ayuntamientos, dentro del territorio nacional, con competencias diferenciadas.

5.- La escala urbana hace específicos los problemas del Patrimonio Local, el enfrentamiento entre protección y desarrollo es mayor que en una ciudad grande. Todos estamos de acuerdo en respetar la preexistencia construida, pero se necesita apoyo económico e ideas de gestión para conseguirlo.

6.- El Patrimonio Local es un yacimiento de empleo y de desarrollo sostenible, pero siempre que se base en un proyecto de actuación general adecuado a cada caso o territorio, con un análisis de la situación de partida concreta (social, económica, territorial, etc.), un inventario de recursos (patrimoniales) y una gestión adecuada, orientada al turismo cultural. Para iniciarlo reclamamos de las instituciones superiores los recursos económicos necesarios.

7.- Hay que reforzar estrategias territoriales de complementariedad apoyadas en las Pequeñas Ciudades, acordes con las necesidades de los territorios y sus dinámicas, más allá de circunscrpciones y límites administrativos.

8.-Reclamamos a nivel de la Unión Europea, del Estado Español y de las Comunidades Autónomas políticas diferenciadas para las Pequeñas Ciudades, por el papel relevante que desempeñan en el equilibrio, el control y la cohesión territorial. Es necesario adecuar las estructuras organizativas a las dinámicas socioterritoriales, superando bloqueos administrativos e impulsando, mediante la adecuada dotación de recursos, redes de pequeñas ciudades y estratégias de cooperación con los territorios circundantes.

9.- El Medio Ambiente debe formar parte de la política global de cada Municipio Desarrollo sostenible entendido como un equilibrio entre las políticas económicas, sociales y ambientales, se manifiesta en la actualidad como un factor decisivo para el futuro de los Municipios (competitividad). La aplicación de este concepto de sostenibilidad debe considerarse como un instrumento básico de la Planificación Estratégica Municipal.

10.- La metodología diseñada por la Carta de Aalborg, se considera que es un instrumento adecuado para el desarrollo de las Agendas Locales 21. Estos nuevos retos necesitan de un compromiso político, en el que sea el alcalde quien lidere el crecimiento sostenible y el proceso de participación ciudadana. Los procesos descritos deben sustentanse sobre políticas o mecanismos de prevención, frente a las tradicionales actuaciones correctivas, ya que estas últimas hasta la fecha se han mostrado más costosas económica y socialmente Es más rentable prevenir.»

Estudios Blanco: César

16-30 de novembro de 2001

Puido contemplarse ó longo destes días no Edificio Arquivo a exposición *Betanzos Fotográfico: 40 imaxes dos séculos XIX e XX*, organizada pola Delegación de Cultura e Deportes a través do Arquivo Municipal de Betanzos.



22 de novembro de 2001

O Alcalde, D. Manuel Lagares, presentou oficialmente no Edificio Arquivo un avance do Plan General de Ordenación Municipal (PGOM). Este plan estivo exposto ata finais de decembro, e os veciños puideron formular as suxerencias que consideraron oportunas.

19 de novembro-2 de decembro de 2001

Ó longo destes días puido contemplarse na Sala de Exposicións do Edificio Arquivo unha mostra de taraceas elaborada polo artista ferrolán José Manuel Rodríguez López.

Novembro de 2001

Estivéronse levando a cabo neste mes obras nas distintas rúas da poboación para eliminar barreiras arquitectónicas, favorecendo deste xeito a tódolos peatóns e en maior medida ó colectivo de minusválidos.

24 e 29 de novembro de 2001

Estes días e seguindo a tradición, as betanceiras e betanceiros nacidos en 1951 celebraron a cincuentena cunha misa e un bo xantar, despois de anuncialo á poboación con cincuenta bombas de palenque.



Estudios Blanco: César

1 de decembro de 2001

Neste día incorporáronse cinco novos membros á Banda Municipal de Música. Con este motivo celebrouse o *Concerto da Ilusión* na igrexa de San Francisco, no que se estreou a obra titulada *Diana Cazadora*, do compositor betanceiro Paco Casal.

2 de decembro de 2001

Na Aula Municipal de Cultura representouse a comedia musical *Contrátenos, por favor* pola Compañía de Pilar Pereira, na que actuaron Marta Pazos e Camila Bossa. A autoría e dirección da obra foi da propia Pilar Pereira.

4-14 de decembro de 2001

Na Sala de Exposicións do Edificio Arquivo tivo lugar unha mostra itinerante de fotografías sobre a muller traballadora, organizada pola empresa de traballo temporal *Nortempo*.

14 de decembro de 2001



A partir deste día e ata o mes de xaneiro veuse celebrando o *Programa de Festexos do Nadal* organizado pola Delegación Municipal de Festexos, Delegación Municipal de Cultura, Deportes e Benestar Social, que contaron coa colaboración de diferentes asociacións e colectivos da cidade. O programa editado foi ilustrado polo debuxo de Jacobo Raposo López do Colexio de Nosa Señora do Sagrado Corazón, gañador do concurso de carteis de Nadal organizado polo Concello.

Decembro de 2001

O profesor do Instituto Francisco Aguiar de Betanzos, D. Pedro Rodríguez obtivo un premio outorgado pola Xunta de Galicia á Innovación Educativa, polo traballo titulado *Modelización de fenómenos ondulatorios co programa ondas*.

15 de decembro de 2001

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra *Cheiro de estrelas II* de M. Pombal, M. Botana e X.M. Conde, polo grupo *Fulano, Mengano e Citano*.

15-30 de decembro de 2001

Na Sala de Exposicións do Edificio Arquivo puido contemplarse a mostra titulada *Palabras de silencio*, de Victoria Araujo, conformada por pinturas na que os protagonistas indiscutibles eran as árbores.

16 de decembro de 2001

Estudios Blanco: César

Celebrouse a *III Feira do Galo*, organizada polo Concello para fomentar e promover productos tradicionais da comarca, dándolle especial relevancia ás feiras e mercados. A organización correu a cargo da Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Betanzos coa que colaboraron diversas asociacións locais. No concurso resultou gañador o galo presentado por D. Manuel Casanova Souto, seguido dos presentados por D. Ángel Galloso. O premio ó galo máis pintoresco foi para o presentado por D. Juan A. Otero. Estes galos foron subastados e o seu importe destinado a Cáritas de Betanzos.

17 de decembro de 2001

Faleceu neste día D. José Lesta Vieites empregado municipal no Cemiterio de Betanzos.

19-23 de decembro de 2001

Ó longo destes días levouse a cabo no Estadio García Irmáns a rodaxe dunha curtametraxe titulado *O partido*, dirixido por José Antonio Moure. Este proxecto resultou premiado pola Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual, no concurso de *Producido en Galicia.*

21 de decembro de 2001

Na Sala Capitular tivo lugar unha recepción ós nenos participantes no Concurso do Cartel de Nadal.

21 de decembro de 2001

Dentro dos actos programados para o Nadal comezou a funcionar no Edificio Arquivo o Belén electromecánico realizado polo Grupo de Amigos Belenistas.

22-23 de decembro de 2001

No Edificio Arquivo celebrouse un rastro especial, organizado pola *Asociación de Amigos do Rastro da Coruña*, e no que participaron anticuarios de toda Galicia.

Estudios Blanco: César

NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS
DO ANUARIO BRIGANTINO

Tema

O *Anuario Brigantino* é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura e Antropoloxía, podendo admitir excepcionalmente outros, segundo criterio do Comité Científico.

Publicación

Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, o Comité Científico poderá contemplar a publicación de traducións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fora da revista.

Formato e soporte

Os orixinais presentaranse a través dunha copia en papel Din-A4 e outra en soporte informático (Word ou procesadores similares). Cando sexa preciso tamén se poderá utilizar o correo electrónico. As direccións respectivas son: Anuario Brigantino, R/ Emilio Romay, 1, 15300 Betanzos, A Coruña, España. bibli1@alsernet.es

Extensión e ilustracións

Unha vez maquetado co estilo propio do Anuario, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas.

En canto ás ilustracións, o Anuario Brigantino caracterízase por favorecer a súa utilización sen máis atrancos que a coherencia co texto e o sentido común en canto o seu número, aspectos que quedan a criterio do Comité Científico, o mesmo que o emprego de cor ou branco e negro.

Idioma

A redacción poderá entregarse en galego ou castelán, se ben, excepcionalmente e sempre a criterio do Comité Científico, poderá utilizarse outro idioma.

Autor-Autores

Engadirase a dirección completa do autor ou autores, incluídos teléfonos e correo electrónico, así como a institución onde presten os seus servicios, se fora o caso, e o cargo que ocupan. Engadirase, así mesmo, nota biográfica do autor ou autores, que non exceda de 5 liñas maquetadas.

Sumario e *Abstract*

Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resumen na lingua do traballo e outro (*abstract*) en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas.

Texto

Empregarase a *cursiva* para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.

Utilizaranse as comiñas « ... » para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo aparte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar.

As comiñas simples ‘ ... ’ resérvanse para encerrar significados.

As supresións de texto nas citas indicaranse mediante tres puntos entre corchetes [...].

As intervencións do autor nas citas tamén se fará entre corchetes.

Citas bibliográficas

Aceptaranse dous sistemas, separados ou mixtos.

A) Na medida do posible farase uso preferentemente do sistema de referencias parentéticas, información que se complementará coa bibliografía do final do texto. Entre paréntese sitúase o apelido (ou apelidos, se se considera) do autor ou autores, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espacio e ano de publicación. Se é preciso, despois de dous puntos, iría o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guión). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñerase o número do que corresponda ó da páxina, separados por coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluirase antes da cifra a abreviatura correspondente. Exemplos: (Miguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureau, 1988: 261-316), (Meijide, 1988: doc. 2, 38).

Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificalas: (Monteagudo, 2000a)

Cando se inclúe o nome do autor no texto, entre paréntese ponse só o ano e, se procede, as páxinas. Exemplo: Como indicou Barreiro Fernández (1984: 51)...

Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máis ponse só o primeiro seguido de *et al.*

B) As tradicionais chamadas ou notas no corpo do texto indicaranse mediante números voados. Neste caso, as citas bibliográficas numeradas a pé de páxina seguirán as normas expostas no apartado de Bibliografía.

Bibliografía

A BIBLIOGRAFÍA situarase ó remate do traballo, seguindo unha orde alfabética por apelidos e, dentro do mesmo autor, por orde cronolóxica. Teranse en conta as consideracións seguintes: 1) os autores españois e hispanoamericanos ordénanse polo primeiro apelido e cando é idéntico, polo segundo; se este tamén se repite, polo nome. 2) os anglosaxóns, rusos e portugueses, polo 2º apelido, o paterno: KEYNES, John Maynard; PAWLOV, Ivan Petrovich; CAETANO, Marcello Jose Neves Alves...

Se se trata dun **libro**, indicarase o nome do autor (APELIDOS, nome completo ou só coa inicial), ano de publicación, *Título do libro en cursiva*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TILANDER, Gunnar, 1961, *Nouveaux mélanges d'étymologie cynégétique.* Lund: Carl Bloms (Cynegetica, 8).

Se se trata da **edición dun texto** indicarase o nome do editor(es) (APELIDOS, nome), seguido da expresión (ed(s).), ano de publicación, *Título da obra en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TROMBETTI BUDRIESI, Laura (ed.), 2000, Federico II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*. Bari: Laterza (Collana di Fonti e Studi, 10). E incluirase unha entrada adicional baixo o nome do autor da obra: FEDERICO II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*, ed. Laura Trombetti Budriesi. Bari: Laterza, 2000 (Collana di Fonti e Studi, 10).

Se se trata dunha **aportación nunha obra colectiva**, indicarase o nome do autor (APELIDOS, nome), ano de publicación, «título da aportación entrecomiñado», autor(es) da obra colectiva (se é preciso, mención ed., coord., dir., etc.), *Título da obra colectiva en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección), páxinas:

FRADEJAS RUEDA, José Manuel, 2000, «Una traducción al castellano de Pero Menino ¿desconocida?». Andrew M. Beresford y Alan Deyermond (eds.), *Proceedings of the Ninth Colloquium*. Londres: Department of Hispanic Studies - Queen Mary and Westfield College, (Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar, 26), 31-41.

Se se trata dun **artigo nunha revista**, indicarase o nome do autor (APELIDOS, nome), ano de publicación, «título do artigo», *título da revista en cursivas*, tomo en cifras arábigas: páxinas:

MORALES MUÑIZ, María Dolores Carmen, 1998, «Los animales en el mundo medieval cristiano-occidental: actitud y mentalidad», *Espacio, Tiempo y Forma, Serie III, Historia Medieval*, 11: 307-29.

ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo, 2000, «La eterna caza del jabalí». *Anuario Brigantino 1999*, 22: 317-378.

Se se citan varios libros, traballos, etc. dun autor, poñerase APELIDOS, nome e debaixo, reservando tres espacios á marxe, indicarase o ano de publicación da obra, diferenciando coas letras, a, b, c, etc., os traballos publicados por un autor nun mesmo ano:

GARCÍA BELLIDO, A.

(1943a): «Algunos problemas de arte y cronología ibéricos»: *Archivo Español de Arqueología,* XV: 78-108.

Corrección de probas

Correrá a cargo dos autores, que deberán efectualas no prazo máximo dunha semana a partir da recepción. Non se admitirán variacións substanciais no texto.



Jesús Núñez. Litografía-electrografía. 113x73,5 cm.

ESTE ANUARIO BRIGANTINO 2001
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI EN
BETANZOS O 25 DE
XULLO DE
2002